

ORDENANZA FISCAL Nº 3

IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.-

Versión vixente desde o 01/01/2024:

ARTIGO 1º.- EXENCIÓN PARA VEHÍCULOS DE MINUSVÁLIDOS.

1.- Para o desfrute da dita exención, deberase presentar declaración de que o vehículo é para uso persoal do minusválido, xa sexa por conducción propia ou que conduza un terceiro, pero que sexa tan só para o transporte de persoa con minusvalía. Se pola Administración Municipal se ten coñecemento do uso do vehículo por terceira persoa sen que se teña como destino o transporte de persoa minusválida, retirárase a exención, perdéndoa para o exercicio seguinte ó da comprobación.

2.- A referida exención deberá ser solicitada no prazo de UN MES desde a matriculación do vehículo ou da súa transferencia. As cursadas fóra de prazo, non surtirán efectos ate o seguinte exercicio.

ARTIGO 2º.- COEFICIENTE.

O coeficiente do imposto será do un coma dous (1,2) para toda clase de vehículos.

ARTIGO 3º.- BONIFICACIÓN AOS VEHÍCULOS CON MATRÍCULA HISTÓRICA E ANTIGOS.

1.- Gozarán dunha bonificación do 100 % sobre da cota do imposto os vehículos que contén con matrícula histórica.

2.- Gozarán dunha bonificación do 75 % aqueles vehículos que teñan unha antigüidade mínima de 25 anos, contados a partires da data da súa fabricación, ou, se esta non se coñecera, tomando coma tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

3.- Quen pretenda a aplicación das ditas bonificacións deberá instar a súa concesión mediante escrito dirixido ao Sr. Alcalde-Presidente da Corporación antes do 28 de febreiro do ano no que teña dereito a desfrutala, acompañando documento que acredite a antigüidade do vehículo ou o carácter histórico do mesmo. As solicitudes presentadas fóra do dito prazo surtirán efecto no período impositivo seguinte ao da súa presentación.

ARTIGO 4º.- BONIFICACIÓN AOS VEHÍCULOS DE CARBURANTES ECOLÓXICOS.

1.- Gozarán dunha bonificación do 75 % sobre da cota do imposto aqueles vehículos que utilicen motores alimentados por hidróxeno, auga, ou por electricidade, sen utilizar combustible derivado do petróleo, non se admitindo a bonificación para vehículos que utilicen motores híbridos. Gozarán da mesma porcentaxe de bonificación os motores que utilicen gas, incluídos os vehículos adaptados para o GLP.

2.- Quen pretenda o desfrute da bonificación, deberá insta-la súa concesión mediante escrito dirixido ó Sr. Alcalde-Presidente da Corporación, no prazo de UN MES desde a matriculación do dito vehículo ou desde a data da súa transferencia. As solicitudes presentadas fóra do dito prazo surtirán efecto no período impositivo seguinte ó da súa presentación.

ARTIGO 5º.- INSPECCIÓN DO IMPOSTO.

A Inspección deste imposto corresponde ós órganos competentes do Concello de Carballo.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.-

Queda derogada a redacción ate o de agora vixente da Ordenanza Fiscal nº 3 do Concello de Carballo.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.-

Ó abeiro do previsto na Disposición Transitoria Quinta da Lei 51/2002, a presente Ordenanza Fiscal entrou en vigor o día primeiro de xaneiro de 2003, con carácter excepcionalmente retroactivo segundo o permitido no dito precepto, sempre que a súa aprobación definitiva se produza antes do día 1 de abril de 2003.

DILIXENCIA.-

Aprobación: Pleno ord. do 30/10/2023. B.O.P. n.º 244, do 26/12/2023. Vixente desde 01/01/2024.
Versión vixente ata o 31/12/2023: Aprobación: Pleno ord. do 28/01/2003. B.O.P. nº 72, do 28/03/2003.

Artigos da súa anterior redacción, vixente ata o 31/12/2023:

«ARTIGO 2º.- TIPO DE GRAVAME.

O coeficiente do imposto será do un coma un (1,1) para toda clase de vehículos.

ARTIGO 3º.- BONIFICACIÓN ÓS VEHÍCULOS HISTÓRICOS E ANTIGOS.

1.- Gozarán dunha bonificación do 100 % sobre da cota do imposto os vehículos históricos ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de 25 anos, contados a partires da data da súa fabricación, ou, se esta non se coñecera, tomando coma tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

2.- Quen pretenda a aplicación da dita bonificación deberá insta-la súa concesión mediante escrito dirixido ó Sr. Alcalde-Presidente da Corporación antes do 31 de xaneiro do ano no que teña dereito a desfrutala, acompañando documento que acredite a antigüidade do vehículo ou o carácter histórico do mesmo. As solicitudes presentadas fóra do dito prazo surtirán efecto no período impositivo seguinte ó da súa presentación.

ARTIGO 4º.- BONIFICACIÓN ÓS VEHÍCULOS DE CARBURANTES ECOLÓXICOS.

1.- Gozarán dunha bonificación do 75 % sobre da cota do imposto aqueles vehículos que utilicen motores alimentados por hidróxeno, auga, ou por electricidade, sen utilizar combustible derivado do petróleo. Non desfrutarán da bonificación os vehículos con motores híbridos.

2.- Quen pretenda o desfrute da bonificación, deberá insta-la súa concesión mediante escrito dirixido ó Sr. Alcalde-Presidente da Corporación, no prazo de UN MES desde a matriculación do dito vehículo ou desde a data da súa transferencia. As solicitudes presentadas fóra do dito prazo surtirán efecto no período impositivo seguinte ó da súa presentación.»

Anexo - TARIFAS 2024 DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

Desde o 01/01/2024 (BOP n.º 244, do 26/12/2023) as tarifas do imposto pasaron a ser as seguintes:

Potencia e clase de vehículo

Cota anual 1 trimestre 2 trimestres 3 trimestres

A) Turismo:

De menos de oito cabalos fiscais	15,14	3,79	7,57	11,36
De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	40,9	10,23	20,45	30,68
De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	86,33	21,58	43,17	64,75
De 16 ata 19,99 cabalos fiscais	107,53	26,88	53,77	80,65
De 20 cabalos fiscais en diante	134,4	33,6	67,2	100,8
B) Autobuses:				
De menos de 21 prazas	99,96	24,99	49,98	74,97
De 21 a 50 prazas	142,37	35,59	71,19	106,78
De máis de 50 prazas	177,96	44,49	88,98	133,47
C) Camións:				
De menos de 1.000 quilogramos de carga útil	50,74	12,69	25,37	38,06
De 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil	99,96	24,99	49,98	74,97
De máis de 2.999 a 9.999 quilogramos de carga útil	142,37	35,59	71,19	106,78
De máis de 9.999 quilogramos de carga útil	177,96	44,49	88,98	133,47
D) Tractores:				
De menos de 16 cabalos fiscais	21,2	5,3	10,6	15,9
De 16 a 25 cabalos fiscais	33,32	8,33	16,66	24,99
De máis de 25 cabalos fiscais	99,96	24,99	49,98	74,97
E) Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:				
De menos de 1.000 e máis de 750 quilogramos de carga útil	21,2	5,3	10,6	15,9
De 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil	33,32	8,33	16,66	24,99
De máis de 2.999 quilogramos de carga útil	99,96	24,99	49,98	74,97
F) Vehículos:				
Ciclomotores	5,3	1,33	2,65	3,98
Motocicletas ata 125 centímetros cúbicos	5,3	1,33	2,65	3,98
Motocicletas de máis de 125 ata 250 centímetros cúbicos	9,08	2,27	4,54	6,81
Motocicletas de máis de 250 ata 500 centímetros cúbicos	18,18	4,55	9,09	13,64
Motocicletas de máis de 500 ata 1.000 centímetros cúbicos	36,35	9,09	18,18	27,26
Motocicletas de máis de 1.000 centímetros cúbicos	72,7	18,18	36,35	54,53